



IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL "Zalaeta"

**NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO.- ALUMNADO EN FORMACIÓN
TELEMÁTICA**

APROBADAS EN CLAUSTRO 12-NOVEMBRO-2020

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.- ALUMNADO EN FORMACIÓN TELEMÁTICA

A Aula Virtual é un ambiente de aprendizaxe en liña. Os profesores preparan actividades, exames, en liña e todos os alumnos do Instituto teñen a posibilidade de acceder ás materias que deseñaron os seus profesores.

Esta aprendizaxe complementase coas actividades realizadas por vídeo conferencia.

Deste xeito, favorécese o desenvolvemento da Competencia de Tratamento da Información e Competencia Dixital e a metodoloxía está activa, creando unha interacción profesor-alumno que favorecerá o proceso de ensino-aprendizaxe.

Do mesmo xeito que os alumnos deben comportarse adecuadamente nas aulas físicas do centro educativo e respectar a toda a comunidade educativa, tamén se requirirá o mesmo comportamento dentro da aula virtual do instituto.

As actitudes que non se tolerarán dentro da aula virtual serán as seguintes:

- Impuntualidade:
- Suplantar a calquera usuario da aula virtual, utilizando as súas credenciais para acceder a ela.
- Uso de foros ou a mensaxeira interna da aula virtual para enviar mensaxes non relacionadas coa actividade do curso virtual.
- Uso de ferramentas de comunicación para non respectar a ningún membro da comunidade educativa.
- Intento físico de acceder ao servidor onde se atopa a aula virtual.
 - Cumprir coa entrega de tarefas e avaliacións co máximo rigor nos tempos e prazos marcados, poñendo sempre nome que identifique a o alumno/a.
- En ningún caso permitir o roubo de identidade na Aula Virtual.

- Realizar as actividades de aprendizaxe persoalmente e en ningún caso permitir que outras persoas o fagan no seu nome.
- Ser o autor orixinal de todos os traballos enviados para a súa avaliación á Aula Virtual
- Calquera outra acción que poida considerarse inadecuada dentro do ámbito educativo.

No caso de vídeo conferencias :

- Puntualidade para unirse ás mesmas
- Non se pode compartir o enlace de convocatoria .
- So pode estar presente o alumno na videoconferencia, non poden estar outras persoas asistindo á mesma.
- Manter unha actitude respectuosa.
- Participar activamente nas actividades de aprendizaxe.
- Manter os micrófonos apagados, so se acenden cando sexa preciso participar na sesión.

O incumprimento de cada unha das premisas anteriores será considerado como unha falta leve.

A acumulación de faltas leves será considerada unha falta grave.

O incumprimento destas regras implicará os conseguintes procedementos correctores estipulados nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro .